

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA BISBARRA DE VERIN

CAPITULO I. INTRODUCCION

ARTIGO 1º. - Con base no disposto nos artigos 44 da Lei 7/85 do 2 de abril, 35 e 36 do R.D. 781/86 do 18 de abril, e 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo. De Administración Local de Galicia, os CONCELLOS da Comarca de Verín deciden asociarse voluntariamente para unha máis eficaz xestión dos aspectos organizativos e económicos, en orde á execución de obras e á prestación de determinados servizos, de competencia municipal; e a tal fin crean unha Entidade Local en forma de Mancomunidade Voluntaria, que se denomina "MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE VERIN".

ARTIGO 2º. - Esta entidade local ten personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, para cuxo efecto pode adquirir, reivindicar, administrar, allear e gravar bens propios de toda clase; outorgar escrituras, documentos e contratos; establecer, conceder e explotar obras, servizos e subministros que afecten aos fins da súa constitución, obrigarse, exercitar accións civís, penais, contencioso-administrativas, laborais e, en xeral, de todas clases.

Para o cumprimento de tales fins e actuacións orientadas ao seu exercicio, adoptaranse as disposicións ou resolucións adecuadas polos Organos de Goberno, dentro das súas respectivas competencias.

ARTIGO 3º. - A organización, funcionamento e actuación da Mancomunidade rexerese polos presentes Estatutos, a Lexislación Xeral de Réxime Local e as normas da Xunta de Galicia, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 7/85 do 2 de abril.

CAPITULO II. AMBITO TERRITORIAL

ARTIGO 4º. - A Mancomunidade de concellos da Comarca de Verín, comprende os concellos de Cualedro, Monterrei, Oimbra, Castrelo do Val, Vilardevós, Laza e Verín. A incorporación ou separación doutros concellos rexerese polas normas do Capítulo VIII.

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

CAPITULO III.

ORGANOS DE GOBERNO E A SUA RADICACION. PERSOAL DA MANCOMUNIDADE.

ARTICULO 5º. - O goberno e administración da Mancomunidade exercerase polos seguintes órganos:

- 1) Asemblea Comarcal.
- 2) Xunta de Goberno Local.
- 3) O Presidente.
- 4) Vicepresidente 1º.

ARTIGO 6º. -A Asemblea Comarcal estará integrada polos Alcaldes das Corporacións dos Concellos Mancomunados, un Concelleiro por cada Concello que para o efecto designe a respectiva Corporación e un presidente elixido entre eles. En caso de renuncia do Alcalde dun Concello mancomunado, a formar parte da Asemblea Comarcal da Mancomunidade, elixirase libremente outro membro pola Corporación correspondente.

En todo caso, cada Concello terá dous representantes na Asemblea Comarcal. O mandato dos membros dos órganos de Goberno da Mancomunidade será polo tempo que dure o seu cargo de Concelleiro na Corporación que o nomeou. Despois de cada proceso de eleccións municipais, a Corporación que resulte destas, na primeira sesión que celebre, deberá nomear os seus representantes nos órganos de Goberno da Mancomunidade.

As corporacións, en todo caso, poderán substituír ou remover os seus representantes nos órganos de Goberno da Mancomunidade cando o consideren conveniente.

O cesamento no cargo dos membros corporativos leva consigo o seu cesamento na Asemblea Comarcal, procedéndose á designación doutro pola propia Corporación á que pertencer.

ARTIGO 7º. - A Xunta de Goberno Local estará formada polo Presidente e os Alcaldes dos demais Concellos, sempre que formen parte da Asemblea Comarcal da Mancomunidade. No caso contrario, este membro será designado pola Corporación de entre os dous que a representen.

Para a designación, substitución ou cesamento, dos vogais operarase da forma establecida no artigo 6º. En todo caso cada Concello terá un representante na Xunta de Goberno Local

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

ARTIGO 8º. - O Presidente será nomeado por elección da Asemblea Comarcal na mesma sesión da súa constitución, de acordo co seguinte procedemento.

a) Poden ser candidatos todos os Alcaldes dos concellos Mancomunados ou os Concelleiros que lles substitúan nos casos do artigo 6º-2.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos da Asemblea Comarcal, será proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén a devandita maioría absoluta dos votos, repetirase a votación e será proclamado Presidente o candidato que obtivese maior número de votos. En caso de empate resolverase por sorteo.

O Presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade será substituído polo Vicepresidente, nomeado por proposta do Presidente pola Asemblea Comarcal, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

O Presidente pode ser destituído do seu cargo mediante moción de censura adoptada pola maioría absoluta do número legal de compoñentes da Asemblea Comarcal.

A moción debe ser subscrita polo menos pola terceira parte dos membros da Asemblea Comarcal e incluír o nome do candidato proposto para Presidente, quen quedará proclamado como tal en caso de prosperar a moción. Ningún membro da Asemblea Comarcal pode subscribir durante o seu mandato máis dunha moción de censura.

Para os efectos previstos neste apartado, todos os membros da Asemblea Comarcal que sexan á súa vez membros da Xunta de Goberno Local, poden ser candidatos a Presidente.

ARTIGO 9º. - Os membros de órganos de Goberno da Mancomunidade poderán percibir retribucións cando desempeñen o cargo con dedicación exclusiva, e indemnizacións con cargo ao presuposto desta, na forma e contía en que se acorde pola Asemblea ao aprobar os devanditos presupostos, adecuándose ao disposto no artigo 75 da Lei 7/85 e normas complementarias.

ARTIGO 10º. - As funcións de Secretario-Interventor e Tesoureiro, sen prexuízo de posibles acumulacións ou prestación destes servizos por persoal da Deputación Provincial, serán desempeñadas:

a) SECRETARIO-INTERVENTOR. - Por un funcionario de habilitación estatal con destino nalgún dos Concellos mancomunados, designado pola Xunta de Goberno Local.

b) TESOUREIRO. - Por un Depositario designado na mesma forma anterior,

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

podendo tamén desempeñar o cargo calquera membro corporativo da Mancomunidade, ou funcionario municipal.

c) As funcións administrativas e subalternas serán exercidas polo persoal de Concellos da Mancomunidade, ou na forma prevista no artigo 12, ou mediante contratación temporal de persoal para o efecto, por Xunta de Goberno Local con suxeición á lexislación laboral.

ARTIGO 11º. - O persoal previsto no artigo 10 será retribuído con cargo ao presuposto da Mancomunidade polo concepto de gratificacións por servizos especiais, se se trata de persoal dos Concellos mancomunados. Nos casos de contratación laboral, estarase ao que dispoña a lexislación específica.

ARTIGO 12º. - De chegarse á creación dun equipo de persoal da Mancomunidade ou Cadro laboral de postos de traballo, os nomeamentos, deberes e dereitos en xeral, regularanse pola lexislación aplicable aos funcionarios da Administración Local.

ARTIGO 13º. - A sede ou domicilio social da Mancomunidade radicará na vila de Verín, sen prexuízo de que por razóns de economía e eficacia, os distintos servizos poidan situarse nos diferentes termos municipais que a compoñen. A Asemblea Comarcal co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros poderá modificar a sede da Mancomunidade. Poderán ter lugar sesións da Xunta de Goberno Local e da Asemblea da Mancomunidade en calquera das casas consistoriais dos concellos que a integran. O ámbito territorial onde a Mancomunidade desenvolverá os seus fins será o dos termos municipais dos concellos mancomunados.

CAPITULO IV. REXEMEN XURIDICO.

ARTIGO 14º. - A Mancomunidade rexerese, en canto á súa organización e funcionamento, polas disposicións que regulen en cada momento estas materias na Administración Local.

Os actos que dicten os órganos de Goberno, dentro das súas respectivas competencias, serán definitivos en vía administrativa e inmediatamente executivos, salvo que por precepto legal expreso requiran aprobación superior. Os concellos mancomunados veñen obrigados a cumprir os acordos que a Mancomunidade adopte, sempre que o sexan na esfera da súa competencia e dentro das formalidades legais.

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

Os órganos competentes da Mancomunidade, con referencia aos seus fins, poderán publicar Bandos, dictar Regulamentos e Ordenanzas de Réxime Interior e de carácter fiscal, axustándose a estes Estatutos e ás disposicións legais que rexan no ámbito da Administración Local, que será de aplicación supletoria.

Tamén poderán aprobar un Regulamento Orgánico.

ARTIGO 15º. - A Asemblea Comarcal celebrará sesión ordinaria unha vez ao trimestre, e a Xunta de Goberno Local unha vez ao mes, nos días que sinale previamente a Asemblea Comarcal.

Ambolos dous órganos poderán celebrar sesións extraordinarias de acordo e conforme co regulado polas normas legais do Réxime Local sobre este particular, cando o soliciten os membros corporativos, se estará ás normas do artigo 46-2 a) da Lei 7/85.

CAPITULO V. COMPETENCIA DOS ORGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 16º. - A Asemblea Comarcal é o órgano supremo da Mancomunidade e a súa competencia comprenderá:

- a) Aprobación e modificación de presupostos.
- b) Aprobación de Regulamentos e Ordenanzas.
- c) Aprobación de Plans de investimento.
- d) A determinación da forma de xestión dos servizos.
- e) Informar os expedientes de separación de concellos da Mancomunidade, sen que este informe teña carácter vinculante para o Concello interesado.
- f) A admisión ou denegación de incorporación á Mancomunidade de novos membros.
- g) A sinalización das porcentaxes ou importes das achegas de cada concello en cada servizo ou fin, senón constan xa en Ordenanza ou Regulamento.
- h) A disolución da Mancomunidade.
- i) Todas aquelas que a Lei lle confire ao Pleno das Corporacións Locais.

ARTIGO 17º. - A Xunta de Goberno Local, como órgano de goberno da Mancomunidade, terá as seguintes competencias:

- a) Ditar normas, e a súa execución, para a posta en marcha dos servizos.
- b) A organización dos servizos de Recadación e Depositaría.
- c) O desenvolvemento da xestión económica, conforme ao Presuposto aprobado.
- d) A contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cuxa duración non exceda dun ano e que non esixan créditos superiores aos consignados no

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

presuposto anual do exercicio, sempre que o importe do gasto exceda das competencias do Presidente, xa que para cantidades inferiores é competente o Presidente.

- e) A designación de funcionarios, ata tanto non sexa creado o equipo da Mancomunidade na forma que establece no artigo 12 destes Estatutos e,
- f) Todas aquelas que lle sexan delegadas pola Asemblea Comarcal.

ARTIGO 18º. - O Presidente da Mancomunidade serao á súa vez da Asemblea Comarcal e da Xunta de Goberno Local, e terá as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións e dirixir as deliberacións.
- b) Publicar, executar e facer cumprir os acordos da Asemblea Comarcal e da Xunta de Goberno Local, adoptando as disposicións que iso requira.
- c) Dirixir e inspeccionar os servizos e obras da Mancomunidade para lograr a súa prestación con suxeición ás decisións dos órganos de goberno.
- d) Exercer a representación da Mancomunidade en toda clase de negocios xurídicos, podendo conferir mandatos para o exercicio da devandita representación.
- e) Presidir as Mesas de licitacións de obras e servizos que se convoquen pola Mancomunidade.
- f) Ordenar os pagamentos dos gastos que fosen autorizados polos órganos de goberno, e render contas da xestión dos presupostos da Administración do Patrimonio da Mancomunidade.
- g) Todas as demais facultades que ao Alcalde atribúen as normas legais, que non estean conferidas por estes Estatutos a outros Organos de Goberno.

CAPITULO VI. OBXECTO E FINS

ARTIGO 19. - A Mancomunidade terá como obxecto e finalidade o establecemento e desenvolvemento das competencias municipais nas seguintes materias:

- 1.-Recadación.
- 2.-Prevención e extinción de incendios.
- 3.-Xestión dos residuos sólidos urbanos.
- 4.-Infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade.
- 5.- Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- 6.- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.
- 7.- Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- 8.-Protección Civil.

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

9.- Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

10.- Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

11.-Transporte colectivo urbano.

12.-Medio urbano.

13.-Protección da salubridade pública.

14.-Promoción da cultura e equipamentos culturais.

ARTIGO 20º. - Tanto no aspecto técnico coma no financeiro, os servizos serán normalmente independentes entre si, redactándose un Regulamento de financiamento e funcionamento de cada servizo.

Para que un concello cause alta ou baixa nun determinado servizo, deberá solicitalo antes do 30 de setembro anterior a cada exercicio, ou na data que en cada caso sinalen as respectivas Ordenanzas, Regulamentos ou decida a Asemblea Comarcal.

ARTIGO 21º. - A adhesión concreta a cada un dos fins e obxectivos da Mancomunidade, previstos no artigo 16, haberá de realizarse mediante acordo plenario de cada unha das Corporacións, á vista dos estudos técnicos e financeiros que se redacten para cada un dos servizos a prestar mancomunadamente, e con suxeición ao disposto nas respectivas Ordenanzas ou Regulamentos da Mancomunidade e acordos da Asemblea Comarcal. A adhesión inicial leva consigo a obriga de contribuír aos gastos xerais de funcionamento e de persoal. En todo caso, a relación entre os fins e obxectivos, só será posible cando as obras ou servizos sexan independentes entre si, atendendo aos seus aspectos técnicos, financeiros, posto que noutro caso han de aceptarse en conxunto ou en bloques.

CAPITULO VII. FINANCIACION E RECURSOS ECONOMICOS

ARTIGO 22º. - GASTOS XERAIS DA MANCOMUNIDADE. Os gastos de mantemento de oficinas, necesarios para o funcionamento da Mancomunidade, así como os gastos xerais de persoal, serán financiados coas achegas dos Concellos da Mancomunidade que se determinarán proporcionalmente tendo en conta a poboación beneficiada e o importe do último Presuposto Ordinario de Ingresos de cada un dos Concellos mancomunados. Para coñecer o coeficiente de achega, aplicarase a seguinte fórmula:

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

$$K_{hi} + K_{pi}$$

Coeficiente do $M_i = \frac{K_{hi} + K_{pi}}{2}$

2

M_i = Concello i

K_{hi} = Índice de proporcionalidade en función dos habitantes do Concello i .

K_{pi} = Índice de proporcionalidade en función dos Presupostos Ordinarios de Ingresos do Concello i .

Número de habitantes do Concello i .

$K_{hi} = \frac{\text{Número de habitantes do Concello } i}{\text{Suma total dos habitantes dos Concellos Mancomunados.}}$

Suma total dos habitantes dos Concellos Mancomunados.

Suma dos presupostos ordinarios de ingresos do Concello i dos tres últimos anos

$K_{pi} = \frac{\text{Suma dos presupostos ordinarios de ingresos do Concello } i \text{ dos tres últimos anos}}{\text{Suma dos Presup. Ord. De ingresos de todos os concellos Manc. Dos tres últimos anos}}$

Suma dos Presup. Ord. De ingresos de todos os concellos Manc. Dos tres últimos anos

CANTIDADE A ACHEGAR POLO CONCELLO i :

Cantidad = Presupuesto de gastos xerais Mancomunidad x coeficiente M_i .

Para iniciar o funcionamento económico-financieiro da Mancomunidad, solicitarase axuda da Deputación Provincial, tanto económica coma funcional, tendo en conta que é a entidade obrigada a fomentar o asociacionismo municipal e a prestar colaboración económica e técnica aos Concellos.

As achegas municipais para as distintas obras e servizos fixaranse nas respectivas Ordenanzas e Proxectos.

ARTIGO 23º. - A Facenda da Mancomunidad estará constituída por:

a) A achega que, con respecto a cada un dos servizos mancomunados, haxan de realizar os concellos a que afecte, como resultado dos respectivos estudos de financiamento, Regulamentos e Ordenanzas, ou acordos da Asemblea. Nos estudos económicos previos á fixación das achegas, tomaranse como base os habitantes, a extensión ou intensidade da prestación do servizo en cada caso, a utilidade reportada, entre outras, por cada un dos concellos.

b) As subvencións, doazóns e auxilios ou axudas de toda clase que se obteñan.

c) As taxas que se perciban pola prestación dos servizos mancomunados, que serán establecidas e recadadas pola propia Mancomunidad.

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

- d) Os produtos do seu patrimonio, cando os posúan, e calquera outros ingresos de susceptible obtención utilizando os medios que estean previstos pola lexislación en vigor.
- e) As achegas extraordinarias, sempre que resulten necesarias para o funcionamento dos servizos, mediante proposta da Asemblea e ratificación dos Concellos. Enténdense achegas extraordinarias as que non figuren previstas no Presuposto nin nas normas aprobadas para cada servizo.
- f) Contribucións Especiais.
- g) Procedentes de operacións de crédito.
- h) Calquera outros previstos na lexislación de réxime local, ou que acepte a Asemblea.

CAPITULO VIII. PRAZO DE VIXENCIA, MODIFICACION E DISOLUCION.

ARTIGO 24º. - A Mancomunidade constitúese por tempo indefinido en razón ao carácter permanente dos servizos a prestar e que motivan a súa constitución. Terá vixencia dende a publicación no Diario Oficial correspondente do anuncio relativo á súa aprobación definitiva.

Non obstante, poderá promoverse e acordarse a disolución con respecto a todos ou cada un dos servizos a prestar, mediante o procedemento e cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos seguintes.

ARTIGO 25º.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.

1.- A modificación dos Estatutos regúlase segundo o previsto polo artigo 143 dá Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia:

- a) A iniciativa para a modificación corresponde á Asemblea Comarcal de oficio ou a instancia dos concellos Mancomunados.
- b) Adoptado o acordo, someterase a información pública no prazo dun mes e á súa vez remitirase á Deputación e á Consellería competente da Xunta de Galicia para a emisión de informe no prazo dun mes.
- c) Rematado o prazo de exposición pública e recibidos os informes aos que se refire o apartado anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación de estatutos aos Plenos dos concellos mancomunados. A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das corporacións.
- d) Aprobados os acordos de modificación dos Estatutos da Mancomunidade ou de disolución desta pola maioría dos concellos mancomunados, o Presidente da

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

Mancomunidade remitirá copia certificada dos estatutos á Consellería competente en materia de réxime local, para á súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia, e enviarallos á Administración Central do Estado para os efectos establecidos pola legislación básica de réxime local.

2.- Toda incorporación ou separación de membros da Mancomunidade levará aparellada a modificación estatutaria.

ARTIGO 26º.- A adhesión de novos concellos requirirá:

- a) Acordo do Pleno Municipal, declarando a súa vontade de adherirse á Mancomunidade e aprobando os Estatutos en vigor.
- b) Información pública por un mes como mínimo.
- c) Acordo favorable da Asemblea Comarcal.
- d) Acordo definitivo municipal.

Unha vez admitido, o novo Concello cumprirá os restantes requisitos establecidos, integrándose os seus representantes como vogais dos órganos de Goberno, non sendo necesaria, por este motivo, nova elección de Presidente.

ARTIGO 27º. - Para a separación de Concellos seguiranse os seguintes trámites:

- a) Acordo municipal solicitando o trámite de separación.
- b) Información pública por un mes como mínimo.
- c) Acordo da Asemblea Comarcal, informando o expediente, nos seus aspectos de conveniencia, posibilidade e outros, con referencia á liquidación no seu caso. Este informe non é vinculante.
- d) Acordo definitivo municipal.

O Concello separado é responsable dos danos e prexuízos que pola súa culpa poidan producirse e deberá cumprir en todo caso os compromisos adquiridos e as obrigas derivadas das normas de funcionamento dos servizos, cando fose necesario para o equilibrio financeiro destes, aplicando criterios e trámites similares aos do artigo 29 destes Estatutos.

ARTIGO 28º.-

1.- Son causas de disolución da Mancomunidade:

- a) A imposibilidade de afrontar a implantación e mantemento de, polo menos, algún dos servizos mancomunados, declarada pola Asemblea Comarcal, co quórum da maioría absoluta, e ratificada polos Plenos das Corporacións dos concellos respectivos.
- b) A insuficiencia de recursos para levar a cabo as finalidades da súa constitución.

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE VERIN

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

2.- Cando se separen da Mancomunidade máis da metade dos concellos asociados, a Asemblea Comarcal acordará se procede, a continuación ou disolución da devandita Mancomunidade.

ARTIGO 29º.-

- 1.- A disolución da Mancomunidade, en todo caso, non poderá prexudicar os dereitos das persoas que con ela teñan contratos vixentes, sendo imperativo, en tal suposto, distribuír as cargas entre todos os concellos que a integran, na mesma proporción ás achegas que nos estudos económicos foran fixadas.
- 2.- O acordo de disolución sinalará a forma en que ha de procederse á liquidación.
- 3.- No suposto de disolución, a Comisión de Goberno da Mancomunidade constituirase en Comisión Liquidadora debendo presentar a liquidación en prazo non superior a dous meses.

ARTIGO 30º. - A disolución da Mancomunidade axustarase ao procedemento e establecido no artigo 143 dá Leus 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ARTIGO 31º. - Para o cumprimento das obrigas derivadas dos presentes Estatutos, os Concellos mancomunados autorizan expresamente á Mancomunidade para que a Xunta de Goberno Local da mesma poida solicitar e obter da Xunta de Galicia e da Delegación de Facenda a retención das cantidades liquidadas a favor dos respectivos Concellos procedentes de recursos de calquera clase que se xestione a través dos devanditos Organismos, e a aplicación das devanditas cantidades aos compromisos contraídos, a cuxo fin autorizan expresamente a Delegación de Facenda e Xunta de Galicia para que practiquen as retencións que se acorden e remitan os importes da Mancomunidade. Para este trámite será requisito previo a reclamación fidedigna ante os Concellos afectados, e o transcurso dun mes como mínimo sen cumprir os compromisos.

CAPITULO IX. DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.- No non previsto nestes Estatutos, a Mancomunidade rexerese polas normas legais do Réxime Local.

**MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE
VERIN**

C/ Cancelon 1 baixo – 32600 VERIN

2ª.- No suposto de disolución da Mancomunidade, os concellos en que estean os servizos respectivos, terán dereito preferente a optar á propiedade dos bens, instalacións, maquinaria e materiais de toda clase afectos os servizos mancomunados, con obriga de reintegrar aos restantes Concellos que a integraran, a parte proporcional do valor dos terreos, maquinaria e instalacións, coa depreciación ou revaliación aplicable polo tempo transcorrido.

Verín, 29 de abril de 2014

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

DILIXENCIA. Poñoa eu, Santiago Lorenzo Taboada, Secretario-Interventor da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín (Ourense), para facer constar que os estatutos modificados desta Mancomunidade, que aprobou a Asamblea da mesma na súa sesión extraordinaria de data 29 de abril de 2014, son os que constan transcritos nos 12 folios numerados correlativamente e selados e rubricados por min en tódalas follas, na derradeira das cales estendo a presente dilixencia de orde e có visto e praxe do Sr. Presidente, en Verín a 25 de xuño de 2014.

V e pr

O Presidente

O Secretario-Interventor